

XIV Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos UMinho, 17-20 de abril de 2024

Horizontes dos Estudos Galegos e/na Lusofonía.

PROGRAMA DE AXUDAS

Convocatoria

Como vén sendo habitual nos encontros da AIEG, convocamos o programa de axudas para a asistencia ao Congreso dirixido ás/aos participantes que foron admitidas/os como relatoras/es ou integrantes dun panel na XIV edición do congreso galicianista. O obxectivo é apoiar e fomentar a investigación no campo dos estudos galegos do estudantado.

1. NATUREZA DAS AXUDAS E REQUISITOS

As axudas serán outorgadas en concorrencia competitiva. Trátase de 10 axudas de exención de inscrición e 5 axudas de aloxamento.

As axudas están dirixidas ao estudantado (de grao ou posgrao) e ás persoas desempregadas.

2. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Estabelécense catro criterios principais cunha puntuación específica que servirán para orientar a valoración das solicitudes e para axudar a escoller as máis idóneas:

1. Situación económico-profesional (máx. 3 puntos):
 - Estudantado de grao (3)
 - Estudantado de posgrao ou doutoramento (2)
 - Persoas desempregadas (1)
2. Rexión de procedencia (máx. 3 puntos):
 - Europa (excepto a Península Ibérica) (2)
 - Resto do mundo (3)
3. Potencial da participación para os estudos galegos (máx. 3 puntos):
 - Perspectiva ou enfoque innovador da proposta (1)
 - CV (2)
4. Pertenza á asociación (máx. 1 punto)
 - Pertenza á AIEG con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2024 (1)

3. PRAZOS DE SOLICITUDE E DE NOTIFICACIÓN

A solicitude de axuda deberá facerse efectiva, como moi tarde, o 10 de xaneiro de 2024. A notificación da concesión da axuda farase pública unha semana despois.

4. PROCESO DE SOLICITUDE

As persoas interesadas en pedir unha axuda deben cubrir o formulario de solicitude e enviálo por correo electrónico á secretaría do Congreso (XIVcongressoAIEG@elach.uminho.pt) como moi tarde o 10 de xaneiro. Non se aceptarán as solicitudes que cheguen despois desta data. Xunto co formulario de solicitude deben enviar:

- CV
- Proba documental (matrícula de estudos, tarxeta de desemprego)
- Carta de referencia asinada por algún docente ou investigador/a que avale a idoneidade da súa candidatura.

O formulario de solicitude está accesíbel na páxina *web* do Congreso:
https://cehum.elach.uminho.pt/xiv_ciaieg